

**CULTURA AUDIOVISUAL II**

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas.***

**PREGUNTA 1. Analice a imaxe e o seu significado resolvendo as catro cuestións / Analice la imagen y su significado resolviendo las cuatro cuestiones:**

- 1.1. Descrición: personaxes, situación, luz, cor / *Descripción: personajes, situaciones, luz, color* (1 punto)
- 1.2. Planos, ángulos e composición / *Planos, ángulos y composición* (1 punto)
- 1.3. Público ao que se dirixe e recursos e estereotipos que manexa / *Público al que se dirige y recursos y estereotipos que maneja* (1 punto)
- 1.4. Comentario crítico sobre os valores formais, estéticos, expresivos e de significado da imaxe (mensaxe, emotividade e valores) / *Comentario crítico sobre los valores formales, estéticos, expresivos y de significado de la imagen (mensaje, emotividad y valores)* (2 puntos)



Fotografía: Campaña Fundación Mutua Madrileña / Fundación ANAR

**PREGUNTA 2. Explique brevemente cinco dos dez apartados / Explique brevemente cinco de los diez apartados:**

- 2.1. A BSO na historia do cine: explicar a obra de dous grandes compositores / *LA BSO en la historia del cine: explicar la obra de dos grandes compositores.* (1 punto)
- 2.2. A mesa de mesturas ou mesturador de son / *La mesa de mezclas o mezclador de sonido.* (1 punto)
- 2.3. Efectos visuais: disparos, sangue e explosións / *Efectos visuales: disparos, sangre y explosiones.* (1 punto)
- 2.4. Funcións do equipo de produción no cine / *Funciones del equipo de producción en el cine.* (1 punto)
- 2.5. O nacemento da TV / *El nacimiento de la TV.* (1 punto)
- 2.6. Os xéneros informativos en TV / *Los géneros informativos en TV* (1 punto)
- 2.7. A radiofórmula musical / *La radiofórmula musical.* (1 punto)
- 2.8. A radio por Internet e o "podcast" / *La radio por Internet y el "podcast".* (1 punto)
- 2.9. Definición de micrófono / *Definición de micrófono.* (1 punto)
- 2.10. Efectos da TV sobre a industria do cine / *Efectos de la TV sobre la industria del cine.* (1 punto)

**PREGUNTA 3. Desenvolva o seguinte tema: “Cine: narrativa do cine mudo”, contestando as catro cuestións / Desarrolle el siguiente tema: “Cine: narrativa del cine mudo”, contestando las cuatro cuestiones:**

- 3.1.** O Slapstick na obra de Max Sennet, Max Linder e Charles Chaplin / *El Slapstick en la obra de Max Sennet, Max Linder y Charles Chaplin*. **(1,25 puntos)**
- 3.2.** O paso do cine mudo ao cine sonoro / *El paso del cine mudo al cine sonoro*. **(1,25 puntos)**
- 3.3.** Os gags visuais e sonoros no cine / *Los gags visuales y sonoros en el cine*. **(1,25 puntos)**
- 3.4.** Escenas emblemáticas do cine de Chaplin / *Escenas emblemáticas del cine de Chaplin*. **(1,25 puntos)**



Fotograma de “Tiempos modernos”, de Charles Chaplin

**PREGUNTA 4. Desenvolva o seguinte tema: “Os estudos de audiencia en TV”, contestando as catro cuestións / Desarrolle el siguiente tema: “Los estudios de audiencia en TV”, contestando las cuatro cuestiones:**

- 4.1.** A importancia dos estudos de audiencia en TV / *La importancia de los estudios de audiencia en TV*. **(1,25 puntos)**
- 4.2.** Perfil de audiencia, share e audiencia media / *Perfil de audiencia, share y audiencia media*. **(1,25 puntos)**
- 4.3.** Que é o audímetro? / *¿Qué es el audímetro?*. **(1,25 puntos)**
- 4.4.** A “audiencia social”: os programas de TV máis comentados / *La “audiencia social”: los programas de TV más comentados*. **(1,25 puntos)**

 <b>Los 5 programas más comentados</b> Semana del 27 Abril 2020					
Posición	Programa	Canal	Impresiones	Autores Únicos	Tweets
01	SALVAME NARANJA 27 Abril 2020 16:55-20:03	T5	32.1m	37.5k	95.5k
02	SUPERVIVIENTES 30 Abril 2020 23:07-01:31	T5	18.7m	15.5k	70.5k
03	SUPERVIVIENTES:CONEXION HONDURAS 03 Mayo 2020 21:59-01:17	T5	16.5m	11.4k	64.8k
04	SUPERVIVIENTES:TIERRA DE NADIE 28 Abril 2020 22:55-01:17	CUATRO	11.9m	13.4k	55.3k
05	MASTERCHEF 27 Abril 2020 22:50-01:05	La1	11.2m	8.0k	28.6k

## **CULTURA AUDIOVISUAL II**

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corruxirán las 2 primeras respondidas.***

**PREGUNTA 1. Analice a imaxe e o seu significado resolvendo as catro cuestións: / *Analice la imagen y su significado resolviendo las cuatro cuestiones:***

**1.1.** Descrición: personaxes, situación, luz, cor. / *Descripción: personajes, situaciones, luz, color. (1 punto)*

**1.2.** Planos, ángulos e composición. / *Planos, ángulos y composición. (1 punto)*

**1.3.** Público ao que se dirixe e recursos e estereotipos que manexa. / *Público al que se dirige y recursos y estereotipos que maneja. (1 punto)*

**1.4.** Comentario crítico sobre os valores formais, estéticos, expresivos e de significado da imaxe (mensaxe, emotividade e valores). / *Comentario crítico sobre los valores formales, estéticos, expresivos y de significado de la imagen (mensaje, emotividad y valores). (2 puntos)*



Campaña de Protección a la Infancia y  
Adolescencia frente a la Violencia



Fotografía: Campaña #CrecerSinViolencia

(<https://www.msbs.gob.es/campanas/campanas19/crecerSinViolencia.htm>)

**PREGUNTA 2. Explique brevemente cinco dos dez apartados: / *Explique brevemente cinco de los diez apartados:***

**2.1.** A obra (BSO) de John Williams. / *La obra (BSO) de John Williams. (1 punto)*

**2.2.** Micrófonos bidireccionais e unidireccionais. / *Micrófonos bidireccionales y unidireccionales. (1 punto)*

**2.3.** Funcións narrativas da música no cine. / *Funciones narrativas de la música en el cine. (1 punto)*

**2.4.** Efectos visuais: as maquetas. / *Efectos visuales: las maquetas. (1 punto)*

**2.5.** As orixes do cine. / *Los orígenes del cine. (1 punto)*

**2.6.** Explicación de tres fitos da historia da TV. / *Explicación de tres hitos de la historia de la TV. (1 punto)*

**2.7.** O realizador de TV: "Chicho" Ibáñez Serrador. / *El realizador de TV: "Chicho" Ibáñez Serrador. (1 punto)*

**2.8.** Os programas de variedades en TV. / *Los programas de variedades en TV. (1 punto)*

**2.9.** Os formatos de opinión na radio / *Los formatos de opinión en la radio. (1 punto)*

**2.10.** A escenografía virtual / *La escenografía virtual. (1 punto)*



**PREGUNTA 3.** Desenvolva o seguinte tema: “Os efectos no cine”, contestando as catro cuestións: / *Desarrolle el siguiente tema: “Los efectos en el cine”, contestando las cuatro cuestiones:*

- 3.1. Os efectos na historia do cine. / *Los efectos en la historia del cine. (1,25 puntos)*
- 3.2. Os efectos na película “Cantando baixo a lluvia”. / *Los efectos en la película “Cantando bajo la lluvia”. (1,25 puntos)*
- 3.3. Os efectos dixitais (exemplo: Morphing). / *Los efectos digitales (ejemplo: Morphing). (1,25 puntos)*
- 3.4. A escenografía virtual. / *La escenografía virtual. (1,25 puntos)*



Fotograma de “Cantando baixo a lluvia”

**PREGUNTA 4.** Desenvolva o seguinte tema: “A radio e os programas deportivos”, contestando as catro cuestións: / *Desarrolle el siguiente tema: “La radio y los programas deportivos”, contestando las cuatro cuestiones:*

- 4.1. Os programas deportivos na radio / *Los programas deportivos en la radio. (1,25 puntos)*
- 4.2. As emisoras públicas e comerciais de radio. / *Las emisoras públicas y comerciales de radio. (1,25 puntos)*
- 4.3. A evolución histórica da radio. / *La evolución histórica de la radio. (1,25 puntos)*
- 4.4. Os efectos sonoros na radio. / *Los efectos sonoros en la radio. (1,25 puntos)*



ABAU  
CONVOCATORIA DE XULLO  
Ano 2020  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
CULTURA AUDIOVISUAL II  
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes **criterios**:

**Pregunta 1 (valor máximo 5 puntos)**, valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razoada e crítica.

Valorarase a descrición xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción e argumentación).

Como referencia de contexto, indicar que a imaxe correspóndese cunha campaña da Fundación Mutua Madrileña e da Fundación ANAR contra o acoso escolar e baixo o título xenérico: “Acabar con el *bullying* comienza en ti”.

Trátase dunha campaña audiovisual que pon o foco nas palabras “No” “BULLYING” para chamar a atención sobre a necesidade de poñer fin ao acoso escolar que moitos/as rapaces/as sofren nas aulas. Por iso, Fundación Mutua Madrileña e Fundación ANAR recollen na súa imaxe de Campaña varios elementos a resaltar: os cromatismos vermello e negro nas mensaxes principais, para enfatizar os aspectos negativos e de concienciación na responsabilidade individual do alumnado (negro) e os perigos do acoso (vermello); unha mensaxe en segundo plano (de fondo) coa palabra “Ja”, simbolizando as burlas dos acosadores contra os acosados; o rostro serio en primeiro plano para simbolizar o sufrimento da vítima; e o símbolo dun reprodutor de vídeo que indica o carácter audiovisual da campaña, entre outros elementos secundarios que tamén se poden comentar.

Con esta campaña as ONGs promotoras pretenden concienciar sobre a problemática do acoso escolar reforzando as accións conxuntas que anualmente realizan ambas fundacións en diversos centros educativos para sensibilizar aos xóvenes sobre o rexeitamento ao acoso escolar dun xeito proactivo. A campaña #NoBullying fai fincapé na figura do “espectador”; é dicir, aquel rapaz ou rapaza que coas súas risas ou o seu silencio apoia sen

pretendelo ao acosador e se convirte en cómplice sen querer, facilitando que a situación perdure.

Nos criterios de corrección teranse en conta as diversas interpretacións que o alumnado poda facer arredor desta idea xeral e dos obxectivos da campaña. Esta campaña pódese consultar en Internet, nas webs:

- <https://www.bienestaryproteccioninfantil.es/fuentes1.asp?sec=27&subs=282&cod=2331&page=&v=2>
- <https://www.acabemosconelbullying.com/>
- <https://www.europapress.es/epsocial/responsables/noticia-suben-75-casos-acoso-escolar-espana-2015-20160426121659.html>

**Pregunta 2 (valor máximo 5 puntos)**, valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión.

**Pregunta 3 (valor máximo 5 puntos)**, valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral é o cine e a narrativa do cinema mudo. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre a importancia que ten o Slapstick na obra de Max Sennet, Max Linder e Charles Chaplin como expoñentes de referencia desta técnica. Daranse por correctas as respostas do alumnado que conteñan reflexións e datos, tamén, sobre o paso do cine mudo ao cine sonoro e sobre os *gags* visuais e sonoros no cinema. Tamén se valorarán aquelas respostas que denoten os coñecementos do alumnado sobre algunha/s da/s escea/s máis emblemáticas do cine de Chaplin. Valorarase igualmente que o alumnado respóndase a cada apartado da pregunta, de xeito independente, ou que fixera unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

**Pregunta 4 (valor máximo 5 puntos)**. Ao igual que na pregunta 3, os criterios de corrección contemplan unha valoración positiva sobre a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral refírese aos estudos de audiencia en televisión. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre a importancia que teñen os estudos de audiencia na TV actual. Daranse por correctas as respostas do alumnado que conteñan reflexións e datos, tamén, sobre o perfil da audiencia e conceptos básicos da medición do público como o *share* ou a audiencia media. Tamén se valorarán aquelas respostas que denoten os coñecementos do alumnado sobre o audímetro e sobre o concepto de “audiencia social”, entendida como aquela parte do público activa en redes sociais, fundamentalmente, a onde acude para participar realizando comentarios sobre os programas que consume. Valorarase igualmente que o alumnado respóndase a cada apartado da pregunta, de xeito independente, ou que fixera unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

ABAU  
CONVOCATORIA DE SETEMBRO  
Ano 2020  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
CULTURA AUDIOVISUAL II  
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes **criterios**:

**Pregunta 1 (valor máximo 5 puntos)**, valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razoada e crítica.

Valorarase a descrición xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción e argumentación).

Como referencia de contexto, indicar que a imaxe correspóndese cunha campaña multimedia do Goberno de España (Ministerio de Sanidade e Benestar Social-2019) contra a violencia infantil e baixo o título xenérico: “Crecer sin violencia para vivir sin miedo”.

Trátase dunha campaña multimedia que pon o foco nas palabras “CRECER” e “SIN MIEDO” para chamar a atención sobre a necesidade de poñer fin á violencia infantil. Por iso na imaxe desta campaña pódense resaltar varios elementos: os cromatismos amarelo e branco na mensaxe central que constrúe un xogo de palabras a través da combinación das palabras iniciais e finais (CRECER SIN MIEDO). O obxectivo é enfatizar a idea central da campaña que se lanzaba a finais do ano 2019 no marco da conmemoración do 30º aniversario da aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas que supuxo un punto de inflexión ao recoñecer por primeira vez aos nenos, nenas e adolescentes como suxeitos de pleno dereito, establecendo a obriga da súa protección contra calquera forma de violencia. A campaña xurde, tamén, no marco da aprobación do Anteproxecto de Lei Orgánica de Protección Integral da Infancia e a Adolescencia, para protexer a integridade física, mental e moral ante calquera forma de violencia. O texto cunha tipografía máis reducida e en minúsculas, actúa de explicación complementaria á mensaxe central, ao igual que o resto de elementos que integran a imaxe.

Ademáis dos textos, cómpre mencionar elementos que integran a composición da imaxe como a cama e, de xeito especial, destacar o protagonismo do neno agochado coa mirada posta en quen o observa, e que se pode interpretar como unha mirada de quen pretende obter comprensión e axuda; pero tamén como unha mirada de medo cara quen pretende

agredilo... Polo tanto, esta imaxe tamén fai fincapé indirectamente na figura do “espectador”; é dicir, do suxeito que protagoniza a mirada do neno. Estas e outras interpretacións razoadas que poda facer o alumnado entenderanse como correctas sempre e cando se xustifiquen debidamente en torno á mensaxe central da campaña.

Unha campaña que, por outra parte, ten unha dobre funcionalidade: divulgativa dunha triste realidade; e de sensibilización e de concienciación cidadá para poñer freo a unha lacra social como é a violencia infantil. Finalmente, destacar que a campaña #CrecerSinViolencia é de carácter multimedia como se evidencia no emprego do hashtag que conduce a un escaerio de difusión online, especialmente a través das redes sociais.

Nos criterios de corrección teranse en conta as diversas interpretacións que o alumnado poda facer arredor desta idea xeral e dos obxectivos da campaña. Esta campaña pódese consultar en Internet, nas webs:

- <https://www.msrebs.gob.es/campannas/campanas19/crecerSinViolencia.htm>
- <http://www.injuve.es/convivencia-y-salud/noticia/campana-crecer-sin-violencia-para-vivir-sin-miedo>
- <https://www.msrebs.gob.es/campannas/campanas19/crecerSinViolenciaM.htm>

**Pregunta 2 (valor máximo 5 puntos)**, valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión. Nota importante: aínda que o/a alumno/a resposte a máis cuestións, valoraranse únicamente as 5 primeiras respostas que o/a estudante presente nesta pregunta do exame.

**Pregunta 3 (valor máximo 5 puntos)**, valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral son os efectos no cine. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre os efectos na historia do cine, os efectos que se empregaron na película “Cantando bajo la lluvia”, a evolución cara os efectos dixitais e a escenografía virtual. Valorarase igualmente que o alumnado resposte a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

**Pregunta 4 (valor máximo 5 puntos)**. Ao igual que na pregunta 3, os criterios de corrección contemplan unha valoración positiva sobre a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral refírese á radio e os programas deportivos. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre a importancia que teñen os programas deportivos no medio radiofónico, unha explicación xeral sobre a tipoloxía de emisoras de radio (públicas e comerciais), así como un contexto histórico sobre a evolución da radio e, finalmente, unha breve explicación sobre os efectos sonoros na radio. Valorarase igualmente que o alumnado resposte a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.